BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Xoves, 14 de xuño de 2018
Núm. 114

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CUNTIS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional deste Concello sobre a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa da recollida de lixo, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS URBANOS NO CONCELLO DE CUNTIS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Cuntis establece a Taxa por Prestación do Servizo de Recogida e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, a que se refire o artigo 20.4) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden o previsto no art. 57 do citado Real Decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa, a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.

O servicio de xestión dos residuos sólidos urbanos domiciliarios e comerciais comprende as fases de recollida, transporte e tratamento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

Xoves, 14 de xuño de 2018
Núm. 114

Considérase residuo sólido urban domiciliario e comercial, o procedente da habitabilidade ordinaria de vivendas e actividade propia de locais ,excluíndose de tal concepto os residuos de tipo industrial e materiais de grandes obras, restos humans, materiais contaminados, corrosivos e perigosos en xeral, e aqueles cuxa recollida esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas ou de seguridade tal e como establece a lexislación vixente en materia de de resíduos. Este tipo de residuos requieren que o produtor proceda a formalización un contrato de recollida cun xestor autorizado deste tipo de residuos.

Considéranse tamén incluídos nos servizos obxecto de gravame:

- A limpeza de solares ou locais cuxos ocupantes se negan ou se resistan á orde de efectuala.
- A retirada de lixos, cascallos e residuos que aparezan abandoados na vía pública.
- A recollida de mobles, aveños e trastes inútiles, escorias e cinzas de calefaccións e calquera outros produtos ou materiais nos casos en que se solicita a prestación dos servizos municipais de recollida de lixos e residuos.
- Os desfeitos e residuos producidos en establecementos industriais e comerciais.
- A utilización dos recursos municipais para o depósito e eliminación dos residuos que non sexan realizados polo servizo de limpeza.

Cando un ben inmoble se destine conxuntamente a vivenda e o exercicio dunha actividade económica, a taxa devéngarase, e existe a obriga de contribuír, conforme os dous feitos impoñibles de forma separada, aínda cando se refiran ao mesmo obrigado tributario, o gravarse a prestación dun servizo que se orixina por dous supostos diferenciados: o uso do inmoble como vivenda habitual e o desempeño dunha actividade económica. Para fixar a tarifa aplicable neste último suposto, computarase a superficie do ben na que se exerza a actividade de que se trate, sempre que esta nou sexa un despacho profesional.

Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros. Neste suposto, a taxa devéngase, e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

Nos supostos de prestación de servizos obrigatorios a instancia de parte, a taxa devengarase o prestarse o servizo, sen prexuízo de ingresar previamente o seu importe en concepto de depósito previo no momento de realizar a solicitude de prestación do servizo.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO

Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario, habitacionista, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante, ou causante da prestación. En caso

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

de vivendas ou locais nos que a cuota se recadase a través do recibo da Empresa Concesionaria da Xestión do Servizo Municipal de Augas (de darse esta posibilidade), presumirase que é obrigado tributario o titular do abono o citado Servizo, e no caso de establecementos comerciais, a persoa a cuxo nome se presentou a comunicación previa ou a declaración responsable, ou no seu caso a cuxo nome figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS

O amparo do establecido no art. 24.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogo o mencionado.

En base o mesmo precepto legal establécese unha bonificación do 75% da tarifa prevista para as vivendas naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares obtidos por calquera concepto non pasen o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).

Para ter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá cumplir os seguintes requisitos:

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato da subministración de auga directamente co Concello ou coa empresa concesionaria si fose o caso
- Que o suxeito pasivo atópese empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.
- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os dos empadroados, así como aqueles que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito. A efectos do cálculo dos ingresos considerararanse os do exercicio da solicitude da bonificación no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM

ARTIGO 5. BASES DE GRAVAME E TARIFAS

A base impoñible da Tasa determinarase en atención á natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos.

Os elementos determinantes da Base Impoñible que aparecen apuntados nas correspondentes tarifas responden ás siguientes definicións:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

Xoves, 14 de xuño de 2018
Núm. 114

VIVENDAS	Domicilios de carácter familiar, tendo a consideración de urbanas ás situadas en solo urbano e rurais o resto.
HOTEIS	Terán tal consideración os incluídos no epígrafe 681 do Imposto de Actividades Económicas. Establécese una distinción en función das habitaciones das que dispon.
HOSTAIS, PENSIÓNS, FONDAS E CASAS DE HOSPEDES	Terán tal consideración os incluídos nos epígrafes 682, 683 e 685 do Imposto de Actividades Económicas.
RESTAURANTES	Enténdese por tales os incluídos no epígrafe 671.5 do Imposto de Actividades Económicas.
SUPERMERCADOS	Aqueles establecementos incluídos no epígrafe 647 do Imposto de Actividades Económicas..
CAFES E BARES	Terán tal consideración aqules establecementos hosteleiros incluídos no epígrafe 673.2 do Imposto de Actividades Económicas.
RESTO DE ACTIVIDADES COMERCIAIS E INDUSTRIAIS	Todas aquelas actividades de carácter comercial e industrial non incluídas nos apartados anteriores

Establécese una distinción entre rústica e urbana en función da cualificación urbanística do solo no que estean situadas.

5.1 TARIFA XERAL. PRESTACIÓN XERAL E OBRIGATORIA

5.1.1 VIVENDAS

5.1.1.1 VIVENDAS ZONA URBANA

71,00 euros anuais

5.1.1.2 VIVENDAS ZONA RURAL

40,00 euros ano

5.1.2 ACTIVIDADES COMERCIAIS, PROFESIONAIS, RECREATIVAS E OUTRAS

5.1.2.1 DESPACHOS PROFESIONAIS E ARTISTAS

75,00 euros ano

5.1.2.2 COMERCIO EN XERAL, BANCOS, SEGUROS, CLÍNICAS E HOSPITAIS, TANATORIOS E SERVICIOS FUNERARIOS E EN XERAL OUTRAS ACTIVIDADES NON COMPRENDIDAS NOUTROS APARTADOS DESTAS TARIFAS,

5.1.2.2.1 Até 20m2 de superficie

96,76 euros ano

5.1.2.2.2 De 21 a 100m2 de superficie

135,64 euros ano

5.1.2.2.3 De 101 a 200m2 de superficie

184,46 euros ano

5.1.2.2.4 De 201 a 400 m2 de superficie

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

310,58 euros ano

5.1.2.2.5 De 401 a 700m2 de superficie

518,06 euros ano

5.1.2.2.6 De 701 a 1000m2

722,94 euros ano

5.1.2.2.7 Mais de 1000m2 e por cada fracción de 1000m2 de exceso

298,38 euros ano. A sumar aos 722,94 euros ano do epígrafe anterior

5.1.2.3 GARAXES E APARCADOIROS

Siempre que neles non se desenvolva ningunha outra actividade, aplicarán, sobre as tarifas devanditas un coeficiente de 0'5. Non estarán suxeitos á taxa, os garaxes anexos ás vivendas unifamiliares e a os locais de negocio, sempre que abonen a cuota correspondente á vivenda ou local o que estean unidos.

5.1.2.4 ACTIVIDADES COMERCIAIS EN VIVENDAS

Ás actividades de barbaría, sastrería e confección ou outras actividades similares que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade, aplicaráselles un coeficiente corrector do 0'5 sobre a cuota que resulte en función da superficie utilizada, a condición de que abonen, ademais, a cantidade que corresponde á vivenda.

5.1.2.5 LOCAIS DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Os edificios e locais ocupados por dependencias das Administracións Públicas e os seus Organismos Autónomos, que estean suxeitos ao pago da taxa, verán reducida a súa cuota pola aplicación dun coeficiente 0'5 sobre a cantidade que resulte da aplicación da tarifa xeral.

5.1.2.6 GARAXES DE LOCAIS DE ADMINISTRACIÓNS PUBLICAS

Garaxes ocupados por dependencias das Administracións Públicas e os seus Organismos Autónomos será reducida a súa cota pola aplicación dun coeficiente do 0,75.

5.1.3 HOSTELERIA

5.1.3.1 HOTEIS, MOTELES, RESIDENCIAS, CASAS DE HOSPEDES, FONDAS, ETC.

E establecementos análogos dedicados exclusivamente á hospedaxe, poidendo servir almorzos pero non outra clase de comidas.

Por habitación : 10.33 euros / ano

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

5.1.3.2 MESMO EPIGRAFE ANTERIOR SI SERVEN COMIDAS

Os mesmos establecementos citados no epígrafe anterior, si serven comidas.

Por habitación 20.65 euros / ano.

5.1.3.3 BALNEARIOS, SPA, PISCINAS OU ESPAZOS TERAPEUTICOS OU DE OCIO BASEADOS NA AUGA.

5.1.3.3.1 Até 20m2 de superficie

157,63,45 euros / ano

5.1.3.3.2 De 21 a 100m2 de superficie

228,89 euros / ano

5.1.3.3.3 De 101 a 200m2 de superficie

301,88 euros / ano

5.1.3.3.4 De 201 a 400m2 de superficie

521,62 euros / ano

5.1.3.3.5 De 401 a 700m2 de superficie

725,20 euros / ano

5.1.3.3.6 De 701m2 a 1000m2 de superficie

1.008,01 euros / ano

5.1.3.3.1 Máis de 1000m2 de superficie e por cada fracción de 1000m2 de exceso

420,75 euros / ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior

5.1.3.4 RESTAURANTES, BARES, CAFETERIAS, TABERNAS E ESTABLECEMENTOS ANÁLOGOS

5.1.3.4.1 Até 20m2 de superficie

185,45 euros / ano

5.1.3.4.2 De 21 a 100m2 de superficie

269,26 euros / ano

5.1.3.4.3 De 101 a 200m2 de superficie

355,16 euros / ano

5.1.3.4.4 De 201 a 400m2 de superficie

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

613,72 euros / ano

5.1.3.4.5 De 401 a 700m2 de superficie

853,18 euros / ano

5.1.3.4.6 De 701 a 1000m2 de superficie

1.092,64 euros /ano

5.1.3.4.7 Máis de 1000m2 de superficie e por cada fracción de 1000m2 de exceso

495,00 euros / ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior

Os establecementos sinalados neste epígrafe, cando se atopen en zona rural do Concello de Cuntis, verán asimilada a súa tarifa á de vivenda en zona uirbana, e decir 71,00 €/ano.

5.1.3.5 SALAS DE FESTAS, BAILE E SIMILARES, Ó AIR LIBRE OU EN ESPAZPOS PECHADOS

5.1.3.5.1 Até 100m2 de superficie

280,00 euros / ano

5.1.3.5.2 De 101 a 200m2 de superficie

340,41 euros / ano

5.1.3.5.3 De 201 a 400m2 de superficie

673,34 euros / ano

5.1.3.5.4 De 401 a 700m2 de superficie

980,48 euros / ano

5.1.3.5.5 De 701 a 1000m2 de superficie

1.215, 88 euros / ano

5.1.3.5.6 Máis de 1000m2 de superficie e por cada fracción de 1000m2 de exceso

565,00 euros ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior

Neste epígrafe considerase incluida a actividade de celebración de festas, eventos, bailes e calquera outra actividade similar, ainda que se desenrole en espazos non cerrados, con mobiliario provisional ou non, e nos que se celebren ditos eventos ou festas con una recurrencia ou periodicidade probada no mesmo espazo.

5.1.3.6 CASINOS, BINGOS, SALAS DE XOGOS OU SIMILARES

5.1.3.6.1 Até 50m2 de superficie

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

185,50 euros / ano

5.1.3.6.2 De 51 a 100m2 de superficie

276,25 euros / ano

5.1.3.6.3 De 101 a 200m2 de superficie

370,90 euros / ano

5.1.3.6.4 De 201 a 400m2 de superficie

638,68 euros / ano

5.1.3.6.5 De 401 a 700m2 de superficie

870,49 euros / ano

5.1.3.6.6 De 701 a 1000m2 de superficie

1.102,30 euros /ano

5.1.3.6.7 Máis de 1000m2 de superficie e por cada fracción de 1000m2 de exceso

555,50 euros / ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior

5.1.4 ESPECTACULOS, TEATROS, CINES E SIMILARES

595,20 euros / ano independentemente da superficie do local.

5.1.5 CENTROS DE ENSINO

5.1.5.1 ATÉ 20 M2

93,79 euros / ano

5.1.5.2 DE 21 A 100M2

172,46 euros / ano

5.1.5.3 DE 101 A 200M2

219,35 euros / ano

5.1.5.4 DE 201 A 400M2

368,32 euros / ano

5.1.5.5 DE 401 A 700M2

521,18 euros / ano

5.1.5.6 DE 701 A 1000M2

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

675,84 euros /ano

5.1.5.7 MAIS DE 1000M2 E POR CADA 1000M2 OU FRACCIÓN DE EXCESO

203,00 euros / ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior.

5.1.6 INDUSTRIAS, FÁBRICAS, TALLERES OU SIMILARES

Cando a actividade desenvolvida teña a cualificación de artesanía de acordo co disposto nas normas que regulan o Imposto sobre Actividades Económicas, sobre a cuota resultante de aplicar as seguintes tarifas, aplicarase un coeficiente de 0'5. Para determinar a superficie dos locais computarase a que resulte de sumar a totalidade das plantas ou pisos das naves ou edificios.

5.1.6.1 ATÉ 25M2

90,31 euros / ano

5.1.6.2 DE 26 A 50M2

135,55 euros / ano

5.1.6.3 DE 51 A 100M2

173,48 euros / ano

5.1.6.4 DE 101 A 200M2

219,33 euros / ano

5.1.6.5 DE 201 A 400M2

347,52 euros / ano

5.1.6.6 DE 401 A 1000M2

515,19 euros / ano

5.1.6.7 DE 1001 A 2000M2

680,19 euros / ano

5.1.6.8 MAIS DE 2000M2 OU POR CADA 1000M2 OU FRACCIÓN DE EXCESO

155,00 euros / ano a sumar á cantidade do epígrafe anterior

5.1.7 RESIDUOS RECOLLIDOS FORA DO SERVIZO MUNICIPAL XERAL

Por cada Tm. ou fracción de residuos urbanos debidamente segregados, que por calquera circunstancia, o servizo municipal deba recoller fóra dos servizos programados e descritos na ordenanaza reguladora. Sempre que sexan residuos urbanos ou asimilables a urbanos que

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

poidan ser recepcionados na Planta de Transferencia de SOGAMA en Ribadumia, dita recollida cobrarase a unha taxa de 70 € /tm.

Estes servizos especiais que haxa de prestar polo Concello, directamente ou por medio das súas empresas adxudicatarias, solicitaranse por medio de instancia dirixida o Alcalde, en exemplar triplicado que se facilitará na oficina municipal de información.

ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E COBRANZA DE CUOTAS

O período impositivo coincidirá co ano natural e a el refírense as cuotas sinaladas nas tarifas do art. 5 desta Ordenanza. Tales cuotas son irreducibles, salvo nos casos en que a declaración de alta ou baixa na prestación do servizo non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cuotas calcularanse proporcionalmente o número de semestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comenzo ou finalización do exercicio da actividade. Así mesmo, a devolución das cuotas semestrais a que teña dereito o suxeito pasivo nos casos de baixa na prestación do servizo, deberá ser solicitada por este, e tramitarase conforme ás normas que rexen a devolución de ingresos indebidos no Concello.

A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto ca taxa de rede de sumidoiros e o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, si o Concello así o decidise, estando obrigados o pago as persoas que constan como titulares da vivenda ou local a efectos de prestación do citado servizo de augas, de conformidade co disposto no art. 3 desta Ordenanza Fiscal. O alta no servizo de augas levaría a correlativa inclusión no Padrón de Recollida de Lixos. No caso dos establecementos en que se realicen actividades distintas da habitación das persoas, as declaracions de alta, baixa ou modificación deberán presentarse no Rexistro Municipal, mediante o impreso correspondente. Nestes casos a cobranza poderá realizarse conxuntamente con outros tributos municipais que recaian sobre a actividade realizada ou o local no que se exerce. Cando o alta, baixa ou variación do Padrón derívase de solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modificara os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración de bases.

As cuotas correspondentes a recollidas realizadas a causa ou por petición de parte interesada e os vertidos, (apartado 5.1.7) liquidaranse e se farán efectivas nas oficinas municipais. O amparo do establecido no art. 26 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, esixirase o depósito previo do seu importe no momento de formular a correspondente solicitude. Cando sexa imposible determinar a contía con carácter previo, deberán ingresarse inmediatamente despois de realizado o servizo xa que noutro caso, suspenderase inmediatamente a súa prestación sen prexuízo de proseguir a vía de prema para obter a súa recadación.

O Concello poderá establecer o réxime de autoliquidación nos supostos en que o mesmo sexa aplicable.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75

Xoves, 14 de xuño de 2018
Núm. 114

ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral Reguladora de Recollida de Lixo.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, que consta de SETE artigos, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 5 de abril de 2018 e entrará en vigor o día seguinte da sua publicación no BOP permanecendo en aplicación ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio en o Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede en A Coruña.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml
Código seguro de verificación:GFMN0R96DK443H75